



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 16 de xaneiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/16007

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Socioloxía

Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación

Centro: Facultade de Socioloxía

Tras analizar a documentación da praza 25/16007, a reclamación presentada por D^a Loreto Vázquez Chas, o informe da Comisión de selección e a nova proposta de provisión da citada Comisión asinada con data 9/1/2026, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 16 de xaneiro de 2026, acorda:

- ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección na valoración dos méritos do punto III.1 Publicacións científicas

como consecuencia da citada reclamación

- solicitar da Comisión de selección a revisión da puntuación concedida á reclamante na súa nova proposta –e, de ser o caso, ás restantes candidaturas– na sección II.2 Calidade docente, toda vez que a *Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador* (aprobada polo Consello de goberno de 7/11/2024) –en adiante *Normativa*– permite a valoración de unicamente 5 méritos
- aclarar á Comisión de selección que a citada *Normativa* permite a valoración no punto III.7 Accións de transferencia e divulgación, doutras accións de transferencia e, especificamente, de divulgación, ademais das expresamente citadas, como pode ser a impartición de docencia na Universidade Senior
- solicitar da Comisión de selección o informe sobre as alegacións realizadas pola reclamante relativas á valoración dos méritos doutra das persoas candidatas
- solicitar da Comisión de selección o envío dunha nova proposta de provisión e do respectivo Excel que teña en conta, cando proceda, o sinalado nos puntos anteriores
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández